



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-**

**Asunto:** Convocatoria de prazas no Servizo Lousame Concilia para o período lectivo do curso escolar 2024-25.

**Expediente:** 2024/G003/000523.

**Expediente convocatoria prazas:** 2024/X999/000072.

Vista a necesidade deste Concello de prestar o servizo Lousame Concilia, de atención e coidado de menores fóra dos períodos e horarios escolares, para facilitar a conciliación familiar e laboral das familias de Lousame.

Por medio da presente,

### **DISPOÑO:**

**1º.-** Aprobar a convocatoria de 20 prazas no Servizo Lousame Concilia para o período lectivo do curso escolar 2024/25. O servizo prestarase nos días lectivos de 7:30 a 9:00, en instalacións do CPI Cernadas de Castro.

**2º.-** Establecer como prazo de pre-inscrición o período que vai do 24 de xullo ao 4 de agosto, ambos incluídos. Presentarase a solicitude no Rexistro Xeral municipal. O impreso poderase descargar dende a páxina web municipal.

**3º.-** Tras o período de pre-inscrición, de non quedar solicitudes para lista de espera, publicarase a lista definitiva de solicitudes admitidas no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web municipais.

**4º.-** Se o número de solicitudes superase as prazas ofertadas, requirirase ás familias a documentación necesaria para levar a cabo a valoración das solicitudes incluíndo, entre outros, os criterios establecidos na Resolución do 29 de novembro de 2023 da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións ás entidades locais para a promoción da igualdade para o ano 2024;

-Menor empadroador/a, como mínimo cun dos proxenitores, cunha antigüidade de máis dun ano no Concello de Lousame (16 puntos)

-Neno/a solicitante menor de 12 anos, na data final do prazo desta convocatoria (8 puntos)

-Nivel de rendas per cápita anual da unidade familiar: inferior a 6.000€ (2 puntos) ou de 6.000€ a 10.000€ (1 punto)

-Familia monoparental (1 punto)

-Vítima de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller (1 punto)

-Muller en situación de desemprego de longa duración (1 punto)

-Muller maior de 45 anos (1 punto)

-Unidade familiar en que existan outras cargas relacionadas cos coidados (1 punto)

En caso de empate na puntuación aplicarase a orde de entrada da solicitude no Rexistro xeral municipal.

Unha vez baremadas publicarase unha lista provisional de solicitudes admitidas e pendentes en lista de espera. Transcorrido un prazo de tres días hábiles para a presentación de alegacións, publicarase a lista definitiva de solicitudes admitidas e pendentes en lista de espera.

A lista de espera xestionarase para cubrir posibles baixas seguindo a orde de admisión. As ausencias de menor duración que se comuniquen de xeito previo, reservaranse para a modalidade de asistencia puntual por días soltos.

**5º.-** A prestación do servizo iniciarase o mércores 11 de setembro. Con antelación ao inicio as familias presentarán no concello nos modelos establecidos a documentación necesaria para a correcta xestión do





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

servizo; autorización de toma de imaxe e son de ser o caso, consentimento informado sobre protección de datos e comunicación de posibles alerxias, e impreso de domiciliación bancaria xunto co certificado de conta IBAN no caso de usuarios/as novas.

Os prezos serán os establecidos na Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos extraescolares para a conciliación da vida laboral e familiar publicada no BOP 247 de 29/12/2011.

*Asinado en Lousame, por medios electrónicos, pola Alcaldesa, M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).*

